

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VII — NÚMERO 179 — 15 FEBREIRO 1923

DON MANUEL MURGUÍA

Apagouse na terra a estrela que alumeaba a nosa literatura para escintilar no ceo da nosa historia como un sol refulxente. Murguía non era somente un sabio, foi ademais un nauta que soupo indireitar as nosas mocedades pol-o camiño que leva ás definitivas reivindicacións da Terra.


A importancia do labor de Murguía é inmensa. Non só foi él un precursor: ademais soupo erguer no corazón das multitudes o respecto e amor ás ensinanzas dos demais precursores. Nascido naqueles anos en que Antolín Faraldo levantaba bandeira nas murallas de Lugo, baixo o lema non queremos ser mais que galegos, xuroi nos altares da Terra fé inmortante pol-os novos ideales. Todol-os seus traballos, "La Historia de Galicia", "Galicia", "Diego Gelmírez", "Los Precursores", etc., foron dirixidos á aquel fin; e como foi constante á fe xurada, o di perfectamente a sua vida toda, adicada por compreto á patria que o veu nacer.

Somente algún desleigado, dos chamados féridos e duros no himno nacional, poido magoalo en non lonxanos días, sin que deixara de cantarlle no mesmo día da sua morte loubanzas que somellaban un remordimento serodio. Todol-os demais, todol-os galegos intelixentes e nobres, os estudosos que sentían arelas por unha patria mellor, os que levan acesa na alma a santa cobiza de liberal-os patrios eidos; ainda aqueles que non compartían as suas opinións, pero que, como fillos de Galicia, amábana sinxelamente, vían no grorioso Murguía o xurdimiento do patriarca celta que chamaba nobremente á unha loita liberadora e dina a todol-os galegos bós e xenerosos.

A sua sona atravesou as fronteiras de Galicia, e todol-os homes adicados a literatura, arqueoloxia e ciencias históricas tíñano na mais outa estima. Leite de Vasconcellos, Teófilo Braga, Leonardo Coimbra, todol-os ilustres homes do

Portugal, tíñanlle un fondo respecto e unha admiración sin mensura.

Compañeiro d'aquela santa muller—cuia imaxe brila no ceo da poesía como un sol escintilante, cuio nome, Ro-



salía de Castro, é para nós mil veces sagro e querendoso—, compartiu co'ela os sentimentos do mais agarimoso amor e piedade en favor dos nosos habitantes do campo. Quen estas liñas escribe conoía ben os mais agachados pensa-

mentos do mestre en col dos nosos labradores, e pode asegurar que Murguía tiña para os infortunados un corazón d'ouro, unha adhesión caridosa e tenra. Unha vez, falando da personalidade do noso gran Curros Enríquez, e querendo contestar aos que poñían á poesía galega como mol e queixosa dicía, cheo de fonda emoción, estas verbas inesquecentes:—“Moi vello eu son, e por eso, testigo da miseria que devoraba ás xentes do noso campo, podo asegurárvos que, cando era neno, viñ o que aínda hoxe cóstame vágoas ao lembralo. Vin lares apagados, viñ o labrador vestir as roupas mais probes e desfaiñadas, viñ o menestral traballar día e noite sin un instante d'acougo nin unha esperanza de millores días. Vivían, os magoados pol-a sorte, n-unha perpetua anguria, que somente tiña fin coa morte. ¿Por qué, por qué s'acusa á nosa Musa de mol e de queixosa, cando refrexaba entón a dór das multitudes afrixidas? Os que non viviron aqueles días de desventura, non teñen dereito á tanto.”

O nacionalismo, do que sempre foi apóstol o gran Murguía, débelle a mais respetuosa lembranza. Namentras non teña moimentos nas prazas das vilas da Galiza redenta, o seu nome vivirá no noso corazón.

Vede, como pol-o ano de 1891, nos Xogos Florales de Tuy, definía o que era e representaba a nosa fala:—“O noso idioma! O que faláron nosos pais, o que falan os aldeans; aquel en que cantaron reises e trovadores; o que, fillo maor da patria galega, nol-a conservou e conserva com'un don da providencia; o que aínda tén non nosos labres as dozuras eternas e acentos que van ao corazón; o que agora ouvides coma se fose un himno relixioso; o fermoso, o nobre idioma que de outro lado d'ese río é lingua oficial que serve á mais de vinte millóns de homes e tén unha literatura representada pol-os nomes groriosos de Camoens e Vieira, de Garret e d'Herculano; o galego, en fin, QUE NOS DA DEREITO A ENTEIRA POSESION DA TERRA EN QUE FOMOS NADOS, QUE NOS DI QUE POIS SOMOS UN POBO DISTINTO, DEBEMOS SELO; QUE NOS PROMETE O PORVIR QUE PROCURAMOS, E QUE NOS DA A CERTEZA DE QUE TEN DE SER FECUNDO EN BENS PARA NÓS TODOS.”

Durma en paz, no seo da santa terra galega, o que foi gloria e guía das xentes do seu tempo; que o seu insino, os seus libros, a súa conduta de patricio impecabre, sirva de exemplo ás xeneracións vindeiras.

O día do trunfo da Gran Causa, o nome de Murguía será venerado no altar celta como o do gran sementador da redención da nosa Terra.

Tan axiña como se divulgou pol-a Coruña a morte do inmortal Murguía total-as sociedades e centros docentes enloitaron as fachadas dos seus edificios e domicilios sociás. O Concello reuniuse en sesión extraordinaria e despois de varios discursos necrolóxicos de algúns concellás, entre eles un moi sentido do concellal nacionalista noso irmán Peña Novo, acordou facerse cárrego do cadavre e correr con todo canto ao enterro referírase. Acordou tamén, e por esto merece o Concello cruñés as mais entusiastas e sinceras gabanzas, crear unha pensión anual de 3.000 pesetas para unha filla solteira que deixa Murguía. Dende o momento de morrer, o alcalde mandou poñer no Pazo Municipal as bandeiras galega e hespañola enloitadas, o mesmo

fixo o “Circo de Artesanos” e a “Irmandade da Fala” pendurou a bandeira de Galicia con un crespón de loito.

As dez da mañán do sábado 3, a lombros dos señores Anxel del Castillo, Fernando Martínez Morás, Euxenio Carré Alvarellos e o bibliotecario da “Irmandade” da Cruña noso irmán Leandro Carré, foi conducido o ilustre morto dende a súa casa hasta o Pazo Municipal, onde constituíuse a capilla ardente. O acto de conducil-o ao Concello resultou verdadeiramente emocionante e conmovedor. Detrás da caixa iban varios representantes do Concello, da Academia e da Irmandade e c'un relixioso silencio e un fondísimo respecto a xente veu pasar en procesión solemnísimos os restos do Patriarca das nosas letras.

No salón de sesións instalóuse a capilla ardente. A caixa estaba envolta na bandeira galega con que viñeron cubertos os restos de Curros Enríquez, entre catro grandes cirios e todo cuberto de froes. En varios turnos velaron ao ilustre morto algúns concellás, académicos, parentes e amigos do finado e algúns irmáns da fala.

A Cruña enteira desfilou solemnemente ante os restos do gran velliño.

O ENTERRO

Foi un acto xúrdio e d'unha solemnidade maxestuosa como non se ten celebrado outro en Galicia.

Unha hora antes da señalada, toda a Cruña estaba na rúa para o presenciarse e as rúas por onde pasou estaban ategadas d'un público respetuoso que con silencio veu pasar a fúnebre comitiva. Esta iba organizada do seguinte xeito: Diante os nenos das escolas, seguían despois os carros co'as coroas e o coche mortuorio de primeira crás, mandado pol-o Concello, dous mozos do “Circo de Artesanos” portando unha coroa d'aquela sociedade e dous irmáns da fala con outra da Irmandade.

A continuación iba o cadavre envolto na bandeira galega e conducido a lombros todo o camiño por representantes do Concello e da Academia, parentes e amigos do ilustre morto e varios nacionalistas e socios de “Cántigas da Terra”, que o fixeron en diferentes turnos.

Ao lado esquerdo da caixa iba o estandarte do coro “Cántigas da Terra” e unha numerosa representación da popular coledividade. Ao lado dereito a bandeira de seda da “Irmandade da Fala” con uns trinta irmáns. Todos cantos rodeaban o cadavre foron descubertos todo o camiño dando unha sensación de cariño e respecto que conmovía ás xentes.

Detrás iba o clero, as representacións oficiás e un público numerosísimo.

No cimiterio, diante da foxa que garda agora os restos do venerable vello e despois do derradeiro sermón do clero, os rapaces do coro, os da Irmandade e algunha da xente que rodeaba a foxa, entonaron solemne e maxestuosamente o hino nacional galego cuías estrofas patrióticas ouviron os presentes con gran relixiosidade. N'este momento o estandarte do coro e a bandeira da Irmandade incrináronse enriba da caixa.

Despois o noso querido irmán Peña Novo pronunciou unhas palabras breves pero sentidas e plenas de emoción que deron cumprido fin ao acto piadoso e triste que se estaba celebrando. Dixo que dende agora o camposanto da Cruña será mais santo porque acócha no seu seo as cinzas venerandas do ilustre historiador galego que con Rosalía fixo a parella mais subprime do século pasado. Dixo que unha



raza que dá figuras como Rosalía e Murguía é unha raza que non pode morrer endexamais. Aconsellou en patrióticas verbas que todol-os galegos sigan o camiño que Murguía deixou na súa obra e que eso será a millor maneira de demostrar a delor dos galegos pol-a perda d'unha das mais grandes figuras da historia da Nosa Patria.

As palabras de Peña Novo produciron un grande efecto na enorme cantidade de xente que as ouviu e que gabou calurosamente ao noso querido irmán.

E así deu remate o acto de dar sepultura ao cadavre do chorado e venerable vello para quen a lembranza de Galicia debe ser eterna pol-a enorme e patriótica labor que realizou pol-a exaltación e rexurdimento da Nosa Patria.

PESAMES

De todas partes recibíronse na Cruña infinidade de telegramas e cartas expresando o sentimento que produxo a morte do gran Murguía.

Descanse en paz o venerable anciano e gran patriota.

UNHA VELADA NECROLOXICA

A "Irmandade" da Cruña celebrará, en canto pase o Antroido, unha gran velada necrolóxica no seu local, que revestirá gran solemnidade.

No próisimo mes ao rendir o homenaxe que todol-os anos rinde a Pondal, Curros e Chané rendirallo tamén a Murguía.

Os restos do noso historiador

Descansa na paz do Señor na sepultura subterránea da nosa Necrópolis, propiedade da familia do ilustre morto, na compañía das cinzas dos seus fillos Ovidio, o gran paisaxista e de Amara, morta recentemente.

Un rexidor do Concello de Santiago, pidiu na derradeira sesión vexan de trasladal-os restos do insigne cruñés, para aquela vila a fin de depositalos na eirexa onde xaz a esposa que foi do Sr. Murguía, a escelsa Rosalía, a rula do Sar.

Non nos parece mal esa idea; pero ¿lle non parez ao señor rexidor que fixo tal proposición, que primeiramente debera a Corporación santiaguesa seguir o exemplo da cruñesa votando unha pensión para doña Alexandra, a filla solteira que non herda do seu pai outra cousa que un nome glorioso? ¿Lle non parez tamén que o Concello da cidade do Apóstol non quedou en moi bon lugar ao non enviare o seu testamento de pésame, fora a quen fora?; e, derradeirairamente, ¿lle non parez inda moito peor que de non enviar, como debera unha representación para o acto do enterro, debeu ao menos delegare n-unha das autoridades da Cruña?

Mais xa se ve: Murguía foi tan só un escritor; se fora inda nada mais que un mediocre político de aquela si que non habería eses esquecementos.

Na morte do Patriarca

Lembranza

Un mais que desapareceu.

E un mais que deixa un rasto luminoso do seu paso pol-a vida.

Foi unha vida de estudo e traballo; foi unha vida de froitifera labor, que deixa espallado nas suas obras a afirmación da personalidade e da grandeza do pobo galego.

Murguía amou a súa Terra e traballou por ela e para ela. Galicia agradeceulle o seu esforzo, e cando o Estado hespañol, para o que tamén durante moito tempo prestou a axuda do seu traballo, púxoo na rua negándolle unha pensión, sostívoo agarimosamente nos anos da vellez, e adicoulle un sentido e grandioso homenaxe na hora da morte.

Non é Galicia terra de ingratitudes para os seus fillos, non. Cando algún galego adica o seu talento á Terra onde nasceu, ela agradece, estima e sabe telo presente de cote.

E así a personalidade da Santa Rosalía, a enorme e galeguísima poeta, é cada día mais venerada; e así as gloriosas figuras de Curros, Pondal, Chané, Montes, Veiga... á que agora vaise engadir a de Murguía, teñen unha popularidade fundamente enraizada na conciencia de todol-os galegos, que ainda non se decatando por enteiro do porqué d'ese culto á memoria dos poetas e músicos, sinte mais intensamente a emoción das íntimas sensacións, comóvese mais fundamente ao escoitar a nosa música ou ao leer as nosas poesías, da que poden producirlle total-as poesías ou total-as músicas estranas.

En van trátase por todol-os medios de nos desgaleguizar. O espírito da raza vive en nós, e sempre o noso corazón lateará mais fortemente cando vibre ante el o sentimento da alma nazonal. Os nosos poetas e os nosos músicos, serán de cote os que mellor poderán espertar ese sentimento: vel'ahí o motivo da veneración que lles temos.

E como á eles, ergueranse altares en lembranza de todos aqueles que adiquen a súa vida á laborar pol-o engrandecimento de Galicia.

Sempre que a súa alma sexa pura; sempre que a luz que o guía sexa o nobre e santo amor da Terra.

LEANDRO CARRE.

Cataluña e nós

Temos recibido n'estos derradeiros días a visita dos señores Xoaquín Carreras Artau e Lluís Balcells. O señor Carreras, gran nacionalista catalán, é catedrático hoxe no Instituto de Lugo e o señor Balcells, nacionalista fervente e entusiasta, foi portador d'un saúdo para as "Irmandades da Fala" da "Joventut nacionalista La Falç", de Barcelona, que figura na vanguardia do movemento nacionalista na irmá Cataluña.

Nos días que con nosco estiveron déronnos conta detallada da situación actual do nacionalismo catalán e da vida política de Cataluña, que hoxe experimentou un gran troque con motivo de agudizarse fortemente o problema nacionalista que presenta agora uns caracteres que fan supoñer o conqurimento rápido d'unha solución definitiva.

Nas nosas conversacións púxose unha vez mais de manifesto o íntimo e cordial lazo que nos une aos que profesamos o sagro ideal nacionalista aínda que sexamos de terras difrentes. Demostráronnos tamén un gran coñecimento e fondo intrés pol-o desenrolo do nacionalismo en Galicia.

A nós, que sempre ollamos a Cataluña con grande amor e da que agardamos moito para a resolución do pleito nacionalista en Hespaña, échenos de ledicia estas comunicacións espirituais que sirven ademais de un necesario troque de impresiós para estreitar mais os vínculos de irmandade que co pobo catalán nos une xá de vello.

Saudamos nos irmáns Carreras e Balcells á gloriosa Cataluña, para quen desexamos unha vida grande e libre.



Gran campaña agrario-nacionalista

Un mitin na Golada

O domingo 4 do mes actual, celebróuse no lugar da Golada—do Concello de Coristanco—un gran mitin de afirmación agrario-nacionalista, no que tomaron parte ademais de significados elementos de Bergantiños, os propagandistas das liberdades galegas, irmáns Lugrís Freire, Martín Martínez e Rodríguez Sabio.

Para asistir ao mitin, foi da Cruña unha comisión composta pol-os señores arriba citados e os irmáns Monasterio, Casas e Balcells.

Entre a numerosa concurrencia, que pasaba de mil quinientas persoas, vimos aos valentes loitadores agrarios Manuel Lema Pastoriza, en representación dos elementos anticaciquís do Concello de Cabana; Antonio Lanci Pet, representando aos agrarios de Laracha; José García Queijo, do Sindicato agrario de Soandres; José Mira Periscal, presidente da Federación de Sindicatos agrarios do Concello de Coristanco; Antonio García, do de Oleiros, e o valente defensor dos agrarios da comarca bergantiñana Ricardo García Piñeiro, médico de Coristanco.

Moito denantes de comenzal-o mitin, atopábase reunido no lugar sinalado para a celebración do mesmo, todo o elemento anticaciquil de Bergantiños, que recibiu aos propagandistas da democracia galega, con vivas aos redentes de Galicia e numerosas bombas de palenque.

As tres e media dou comenzo o acto, facendo uso da palabra o filantrópico médico Ricardo García Piñeiro, que foi recibido con aronadores aplausos e numerosas vivas ao apóstol de Bergantiños. Pronunciou unhas elocuentes verbas cheias de rebeldía, e coas que pregou ao numeroso auditorio, que co entusiasmo até agora demostrado, seguirán loitando en contra do salvaxe caciquismo que ten aprixioada a nosa Terra.

N-outros párrafos do seu discurso, excitou aos labregos a facer unha xuntanza que faga tremar aos caciques, hoxe donos dos destinos de Galicia.

Sentimos no poder publicar íntegro o seu discurso, que foi moi apraudido ao final e durante o curso do mesmo.

Seguíronno no uso da palabra os irmáns Rodríguez Sabio, Lugrís Freire e Martín Martínez, que pronunciaron unhas discursos cheios de doutrina patriótica, que fixeron alcender no peito de todol-os asistentes un gran desexo de loita, en pos da reivindicación do dreito de cidadanía dos galegos. Atacaron enérxicamente ao caciquismo *moralista*, culpable de direito dos atropellos cometidos cos labregos de aquela comarca e fixeron a promesa solemne de defender aos labregos de todos cantos atropellos con eles se cometan. Ao final de todol-os discursos, grandes aplausos coroaron as derradeiras verbas dos nosos amigos, que están despertando aos labregos do secular sono en que estaban sumidos.

Rematou o auto con unhas verbas do vello agrario Periscal, que animou aos labregos a seguirl-o camiño comenzado e que traerá por resultado—si todos o queremos—o acabamento da farsa caciquil na nosa Patria.

Ao descender os oradores da tribuna, formouse unha

manifestación para acompañar aos propagandistas cruñeses e ao médico Piñeiro, até o automóvil en que habían de retornar a Cruña.

Durante o tempo que durou a manifestación oíronse moitos vivas a liberdade de Galicia e aos defensores dos labregos.

* * *

Este mitin, cuarto da gran campaña comenzada, deixou fonda lembranza nos labregos, que están dispostos a rematar cos caciques da circunscrición, que até d-agora dispoñían da vontade popular repartindo actas de deputados como quen reparte cestas de patacas.

Moitos elementos de todol-os Concellos da circunscrición, téñense ofrecido para esta cruzada de redención e xa se están organizando moitos mitines, que erguerán o espírito das xentes e entusiasmanas para acudir a esta sagra loita.

* * *

O próximo día 18, celébrase no lugar de Sofán—Concello de Carballo—un gran mitin, e o día 19 celebrarase outro na feira de Santa Comba.

A actualidade galega

Torna a sere actualidade na nosa Terra o probrema aduaneiro. Iste probrema, enténdase ben, sempre terá de sere en Galicia unha actualidade tráxica mentras sigamos cinguidos ao réxime centralista do Estado hespañol. Hai vicios e virtudes innatas, e o Estado hespañol, déspota pol-a natureza da súa constitución, inda ás mesmas leis económicas quere escravizar. A economía galega que representa un principio de liberdade, faise incompatible coa economía do Estado hespañol, fundada n-un sistema de particularismos arbitrarios. Por iso iste probrema sempre terá de ser unha actualidade tráxica en Galicia, namentras Galicia non conquira un Goberno de seu que lle permita explotar con soberana liberdade as súas fontes de riqueza.

Pero istos días volve a estar mais de actualidade, porque o ministro de Fomento tenciona prohibil-a importación de cereás, do mainzo sobor todo, suprimindo a tarifa vixente que é de cinco pesetas por tonelada, para implantal-a tarifa vella, que era de oitenta pesetas por tonelada.

Nada vou dicir do asunto, porque xa moito se tén dito. Ademais eu estou convencido d-unha gran verdade, que xa se tén demostrado moitas veces; unha gran verdade que hai que sementar por todol-os recunchos da nosa Terra, que había que rezar todol-os días coma unha oración, e que hai que predicar de porta en porta, no adro da igrexa, nas rúas da cidade, nos viaxes, no mitin, nos concellos, pero que sobor todo hai que afincar na conciencia do noso labrego coma un novo evanxelio; eiquí téndela gran verdade: *Galicia non poderá ter independencia económica mentras non conquira a súa soberanía política.*” Isto no caso presente quer dicir que o probrema aduaneiro durará tanto como dure o réxime político vixente; que iste probrema non se resolve con reformas nas columnas arancelarias, cuías



altas e baixas non son mais que síntomas comprobatorios da febre que murcha as nosas riquezas... Eu quixera que isas columnas rubisen e rubisen hasta que o pobo sintise a fame, hasta que adoecece, a ver si un día toleábamnos todos, e nos botábamnos á rúa, e rematábamnos para sempre con este réxime de vilipendio, e proqramábamnos para sempre a nosa vontade soberana de facer nós mesmos as normas da nosa Xusticia.

Nada diremos, pois, do asunto, pero hai unha cousa que temos que anotar. Cando era Cambó ministro da Fazenda e se fixo a reforma arancelaria, quería gravar o mainzo importado con vinte pesetas a tonelada; todol-os parlamentarios galegos xuntáronse en convención e fartáronse de berrar a todol-os ventos a traición de Cambó; as Diputaciós e Concellos de Galicia xuntáronse tamén en asamblea; eu asistin á aquela asamblea, na que foi unánime a decisión de recramar para Galicia a supresión arancelaria, e por boca do persidente da Diputación da Cruña e persidente da asamblea, Sr. Vilas, ouvin fulminar anatemas contra Cambó.

Trátase agora d-un ministro de Fomento que quere elevar a oitenta pesetas o gravamen; ministro cuíos desatinos económicos elévanse á categoría de sacrilexios, porque o Sr. Gasset é un ministro nado en Galicia. E agora nin-os parlamentarios galegos protestan nin o Sr. Vilas quere convocar a nova asamblea. Certo é que o Sr. Vilas e subordinado de García Prieto, e que na segredaría da Diputación está Viturro, amo de Gasset. Non nos sorprende nada, pois, o silencio de toda esa xente. Pero si hai homes que non nasceron mais que para caciques, non deben disfrazarse de redentores, porque se expoñen a que se lles poda dicir: *"Vosoutros sintides as doores de Galicia cando gobernan vosos inimigos políticos; pero ocultádelas cando goberna o voso xefe; vosoutros explotades as doores da Terra para deshonestos fíis políticos; vosoutros sodes uns farsantes."*

* * *

Lugo pirmeiro e despois Santiago adicaron unha semana enteira en agasallar a Rodríguez Viguri, coma si se tratare d-un novo San Froilán ou d-un novo Apóstol que fose a redimir a isas pobres cidades d-almas mortas. En verdade que nunca a tanto servilismo chegaran os pobos de Galicia. ¡Pobos envilecidos, que cando vos morre un cacique non acougades hasta atopar outro! Viguri será o pimeiro en reconoscer que non tén merecimentos para que un pobo se axionlle diante d-él.

Mais cómplenos a cantos na vida galega repersentamos unha enerxía redentora, un principio de civilidade, lanzarnos á conquista d-esas zonas incultas. E non podemos esquecernos de que o Cabildo da Catedral de Lugo e o Claustro da Universidade de Santiago foron os dous orgaismos que mais servilismo demostraron. O que quer dicir que todol-os factores da vida pública en Galicia canto mais importantes, mais perniciosos resultan para o verdadeiro progreso da nosa Terra; así como en xeneral os galegos cultos son os galegos piores, porque a súa cultura é unha cultura estrana á Terra, como estrana ás necesidades da Terra é a organización de nosa vida corporativa. Por iso tamén temos que pensar que non abonda conquistar concencias individuais, sinon que temos que acabar con isa cultura cursi que nos afoga, e transformar a estruturación d-esas entidades, facéndoas galegas si pode ser, ou matán-

doas si tan apodrecidas s'atopan que xa non ademitan o ser inxertadas.

* * *

Morreu Murguía e á súa lembranza adicou catro liñas a prensa de Santiago, e pouco mais, o resto da prensa galega, agás a da Cruña. Morreu en Madrí a viuda de Monteiro Ríos e isa mesma prensa encheu de prosa as enloitadas páxinas. ¿Quén foi Murguía? Murguía foi, é e será sempre o home mais grande da Galicia contemporánea. ¿Quén foi a viuda de Monteiro Ríos? A sogra d-un cacique que inda pode facer moitos favores.

* * *

O conde de Romanones, ministro de Gracia e Xusticia, pideu informes a total-as entidades de Galicia para resolver o problema dos foros. Con esta son pol-o menos catrocentas as informaciós pedidas para resolver ise problema. Por eso temos a seguranza de que esta información, como total-as demais, non ha de valer para nada, a non ser para unha cousa: para demostrarnos que o conde de Romanones a estas outuras non conoce o problema.

Pero d-esta vez o señor conde, tan avisado sempre, chegou tarde: porque en forza de non saber do problema, nin siquiera sabía que xa está resolto dende o ano pasado en que os labregos acordaron non pagal-os foros; xa ve o señor conde qué solución mais sinxela; e inda que lle digan o contrario non se deixe engayolar: o problema está resolto, e isa é a úneca solución, queiran ou non os Gobiernos.

* * *

Vida hespañola: o "Mundo Gráfico" da semana que está finando. Unha páxina central c-un titular úneco: "La actualidad en provincias". A actualidade consiste en seis gráficos de catro banquetes e duas funciós relixiosas. Comer con enchente e rezar con ostentación, velaí as únecas actualidades hespañolas na semana que está finando. ¡Viva Hespaña!

L. PEÑA NOVO.

O discurso de Cambó

O Sr. Cambó pronunciou un discurso en Barcelona que foi durante unha semana a actualidade da política na Hespaña. Hoxe a actualidade política é o problema nacionalista catalán. En Cataluña toda a mocidade e as crases intelectuales convencéronse da inutilidade da política colaboracionista repersentada pol-a "Lliga Regionalista". Tres veces foron ministros na Hespaña os representantes da "Lliga" e as tres veces o seu paso pol-o Goberno do Estado hespañol foi unha desilusión para a concencia nacionalista de Cataluña, que vía esmorecer a súa forza combativa e romántica a troque de pasaxeiras concesiós económicas. Hoxe a "Lliga" siñifica un elemento conservador dentro do nacionalismo catalán, e síntese desplazada d'aquel fermento de rebeldía que siñificara n-outro, e que é o segredo da vitoria en todol-os movementos políticos.

Non quer isto dicir que a "Lliga" cambiase de pensamento; quer dicir somente que o pensamento dos catalás avanzou moito, e da "Lliga" quedou paralizado. Hoxe na Hespaña nótase, sinon intrés, pol-o menos curiosidade en estudial-o problema catalán; e casi todol-os hespañoles son inimigos das aspiraciós de Cataluña, demostrando con isto a enorme inferioridade do pensamento político hespañol; mais tamén eisisten algús espíritos xenerosos e compren-



sivos que se dan conta do dereito de Cataluña é comencian a reconocelo públicamente. Pois ben: Cambó quer selo portavoz d'isas xenerosas tolerancias, o representante d'unha solución armónica entre os dous extremismos que en col d'iste problema se dibuxan na paisaxe política.

A isa finalidade encamiñou o seu discurso. E por iso mesmo non satisfizo aos nacionalistas nin aos hespañolistas. En troques gustou pol-o xeneral a total-as persoas de xenerosa emoción liberal, no senso certo d-esta verba, educadas pol-o pensamento político europeo, pero que non son nacionalistas; persoas que non ven o feito biolóxico do nacionalismo nin sinten dentro de sí a emoción d'unha vontade nacional, sinon que n-este problema non ven máis que un de tantos problemas de democracia; ou como tén dito moitas veces o mesmo Sr. Cambó, non ven n-este problema máis que un problema de bon goberno, cando do que se trata é d-un problema de goberno propio.

AS CONFERENCIAS DA IRMANDADE

Conferencia do irmán Peña Novo

O día 30 de Xaneiro inauguróuse no seu local social o cursillo de conferencias organizadas pol-a "Seición de Cultura e Fala", da "Irmandade" da Cruña.

A primeira conferencia estivo a cargo do noso irmán Peña Novo, que durante hora e media, espuxo diante d'unha numerosa concurrencia a transformación do pensamento político na Hespaña en relación c-o nacionalismo. Foi a súa conferencia un exame detido e copioso da actualidade política para fixar a situación actual do nacionalismo e cal debe ser a súa actuación futura; foi un traballo de definición doutrinal e de orientación política de gran actualidade, de grande intrínseco e inda de grande necesidade. Recolleuse taquígraficamente—como se recollerán tamén as sucesivas—pois ao fin xa temos taquígrafos galegos, o que significa un gran adianto para as nosas propagandas, e por iso os nosos lectores terán ocasión de conocele íntegramente cando s'imprente. Hoxe limitámonos a dar un resumo das principais afirmacións que foi asentando como consecuencias dos seus análises.

Para votar unha ollada ao panorama político—comenzou dicindo—hai que remontarse ao ano 17. Ese ano, e non antes, o mundo deuse conta de que estaba nascendo unha nova Epoca Histórica; na Hespaña foron síntomas as Xuntas de Defensa e a Asambrea de Parlamentarios; mais non eran froitos d'unha preparación espiritual, sinón reflexos do que pasaba no mundo, e por iso truxeron unha reacción solo comparabre á de fai un século.

Síntomas d-esta reacción foron: falla de lexislación social; suspensión de garantías; esterilidade electoral, e agora có partido liberal os alcaldes de real orden. Por iso na concurrencia do pobo afincouse ista verdade: o acabamento dos partidos liberal e conservador como elementos de goberno.

O desastre de Marrocos non foi un desastre militar: foi o desastre da administración, do réxime, da moralidade, da capacidade d-un Estado, comparabre ao Guadalete; marca o fin d-un Estado.

O acabamento da Hespaña como entidade soberana xa está marcado pol-o Destino na Historia do século vinte. O pobo deuse conta d-ista trágica verdade; por iso quer

esixir responsabilidades, nas que non pensou caído os desastres colonias anteriores; e non-as ve somentes no Exército, nos políticos e na administración; presinetas tamén con intuición infalible no conxunto do réxime actual; por iso na concurrencia do pobo tamén se afincou estoutra verdade: que o réxime actual é incompatible co propio do Estado hespañol.

Sin réxime nin elementos de goberno, non queda no Estado hespañol máis reserva espiritual que o nacionalismo, cuia solución se precipita por lei fatal da evolución histórica.

Examina a transformación e progreso do nacionalismo en Cataluña e na Nosa Terra, establecendo interesantes comparacións.

O progreso do nacionalismo nótase tamén en que frente de nós creáronse corpos de doutrina en todos os partidos políticos respecto do nacionalismo, o que demostra que na concurrencia de todos as organizacións políticas hespañolas o nacionalismo adquireu a categoría de problema fundamental do Estado, podendo afirmar que d-agoa en para diante toda a política xirará en redor do problema nacionalista.

Denantes o pensamento hespañol en col do nacionalismo era confuso; hoxe é cristiño. Eisi podemos dividilo en dous grandes sectores: o dos que ademiten a posibilidade d'unha solución nacionalista, e istos en diversas gradacións dende os que aceptan a autonomía municipal, hasta os que aceptan a idea federativa. Outro sector é o dos que non toleran a posibilidade d'unha solución nacionalista, podendo sinalar como tipos representativos, na dereita a Cierva e o "A B C", e na esquerda Lerroux e Alba.

Todos istos prantean prematuramente o problema separatista coma un balón d'osíxeno para soster á Monarquía.

Estudia o problema da lingua coma un problema de democracia, dicindo que eisi como unha exteriorización relixiosa n-un país onde non haxa liberdade de cultos sempre será considerada pol-os creyentes das relixións prohibidas coma unha agresión á súa concurrencia, tamén mentras non haxa oficialidade da nosa lingua, temos que considerar o emprego da lingua castelán coma unha provocación e un agravio á nosa dinidade de galegos e aos nosos sentimentos de democracia.

Estos nosos inimigos queren reducir o problema nacionalista a un problema principalmente económico, o que amosa a súa inferioridade moral. Pero xa que n-ese terreo plantéan o problema, n-ese terreo debemos tamén nós resolvelo. Examina detidamente a situación económica d-Hespaña con datos e estadísticas oficiais para chegar á conclusión de que economicamente Hespaña é un país afundido e empobrecido c-unha curva marcadamente descendente; examina despois a situación económica de Galicia, chegando á conclusión de que Galicia, o millor negocio que podía facer no aspecto económico, era separarse d-Hespaña.

De todo o exame feito dedúcese unha consecuencia fundamental que debe servirnos de lección orientadora: ao falarse do problema nacionalista, todos os hespañoles se refiren principalmente ao problema catalán; isto é consecuencia do sistema intervencionista que praiticaron sempre os catalás. Por iso nós debemos ser intervencionistas; non debe sentírese a máis pequena vibración na vida pública de Galicia na que non esteña reflexada d-un xeito ou d-outro a nosa intervención.



Outra leición que nos da a experiencia é a de que ao mesmo tempo que o problema nacionalista vai avanzando nas masas políticas, vai retrocedendo nos gobernos; esto quer dicir que o Estado hespañol, pol-o menos o réxime actual non dará solución armónica e satisfactoria ao noso problema. O fracaso de Cambó en Cataluña mais que un fracaso doutrinal é un reflexo do seu fracaso procesal en Madri. E d-esto dedúcense dúas consecuencias: a primeira, o fracaso definitivo do sistema colaboracionista; a segunda, a necesidade d-unha orientación revolucionaria. Por falla de idealidade revolucionaria na Hespaña sucumbiron os republicanos. Ningunha redención nacionalista se fixo sin o emprego da forza.

Pol-o derradeiro examinou a situación actual de Europa para demostrar que o conqwerimento da nosa liberdade é unha necesidade internacional.

Papel de fumar

N O R O E S T E

TEATRO GALEGO

Escola Dramática Galega

Na velada que na "Irmandade" da Cruña celebrou a "Escola Dramática Galega" o día 28 do pasado representou por segunda vez a preciosa comedia de D. Francisco Alcaide "Ainda vive", que fora estrenada o anterior domingo con un gran éxito. Gustou como o primeiro día e igualmente foi moi apraudida.

Levou á escena despois a delicada e fermosa comedia "Sabela", da que é autor o gabado dramaturgo galego D. Galo Salinas.

Esta obra foi moi do agrado do numeroso público que asistiu á velada, que apraudiu ao autor e aos intérpretes que por certo representáronna admirablemente.

Cada velada que celebra a "Escola Dramática Galega" é un novo éxito para os entusiastas rapaces que a compoñen.

LECTURAS

"Tragedias de la vida vulgar".—Wenceslao Fernández Flórez.

Cunha garimosa adicatoria en galego chega ás nosas mans este novo libro de Wenceslao Fernández Flórez.

Xa conosciámos algúns d'esos delicados contos pol-os ter lido en diversas revistas; agora deleitáronnos de novo. Fernández Flórez é un dos poucos que pol-o poder do seu espírito observador e fondamente sentimental, sabe ver e describir admirablemente esas traxedias íntimas das almas homildes que se desenvolven á través da vida cotiá, d'un xeito que conmove pol-a súa mesma sinxeleza.

Mais non queremos falar do libro ao que xa todol-os diarios e revistas adican as gabanzas que merece, senon anotar o caso curioso e satisfactorio para nós de que a firma de Wenceslao veña suscribindo unhas verbas galegas.

Hai anos, cando Fernández Flórez era nada mais que un bon rapaz que escribía no diario local "Tierra Gallega", tomou a broma e combatiu a creación da Academia Gallega,

e manifestándose contrario ao sentir dos bós galegos que a constituían cheos de fé e de esperanzas no porvir, escribiu "Querer restaurar la lengua gallega es igual que pretender que las aguas vaciadas en el mar por el Miño se vuelvan atrás y suban por el cauce por donde han bajado. Esto se morirá sin protestas ni chillidos".

Agora, Wenceslao que ten xa un nome feito, un nome de verdadeira e merecida sosa; que vive en Madri onde soupo abrirse o camiño da gloria e da riqueza (así llo desexamos pol-o menos, que ben o merece), envíanos un libro coa adicatoria do seu puño e letra escrita en galego.

E ben certo que vivindo fora da Terra, entre xentes coase sempre hostís é como mais se esperta en nós o sentimento da dinidade de raza, e como se adprende o que é a verdadeira, a única Patria.

A fala que é a maior característica dos pobos, expresión do sentimento, vive en nós coa nosa alma e como cousa íntima maniféstase sempre que queremos dar unha proba de verdadeira amizade, de cariño, de unión espiritual.

Coa espresión do noso agradecimento enviamos a mais sentida embora ao amigo Fernández Flórez.

E facémolle un rogo: que non sexa sómente unha frase mais ou menos o que escriba en galego; que nos envíe algunha páxina inédita para honrar as columnas de A NOSA TERRA e axudar co seu prestixio ao rexurdimento da Literatura galega.

"Nós".—Jurense

Recibimos o número 15, que inserta traballos de Quintanilla, Risco, Aznar, Fuentes, Montes, Taibo, Yeats, un artigo, encol do pintor Imeldo Corral, arquivo filolóxico e etnográfico de Galicia, os homes, os feitos e as verbas e un fermoso auga-forte de Castro Xil.

Moi interesante este número.

"Eça de Queiroz".

Temos recibido agarimosamente alicado pol-o rganizador da "Antoloxía portuguesa" Sr. Agostinho de Campos o derradeiro volume publicado que contén a antoloxía do gran mestre portugués Eça de Queiroz.

Con moita ledicia recibimos estes volumes que fan unha interesante colección.

Novamente facemos constar a nosa gratitude ao señor Agostinho de Campos pol-a súa amabilidade en nos remitir todol-os volumes que cuidadosamente gardamos.

"Céltiga".—Ferrol.

Temos recibido o número 10 d'esta popular revista literaria que cada día obtén mais éxitos e vé aumentar o número dos seus lectores.

Publica "Céltiga" tres fermosos contos do literato ourensán Euxenio Montes, que levan por título "O vello mariñeiro toma o sol", "O anño da Debesa" e "Como na parábola de Péter Brengel". Son tres contos que honran á literatura galega que van a ser traducidos e publicados na revista tyflófila de Madri "Los ciegos" e na francesa "Les Geuilles libres". Como se verá, "Céltiga" contribúe a difundir pol-o extranxeiro a literatura galega. "Un ollo de vidro", de Castelao, xa foi traducido ao castelán e ao inglés. Agora os contos de Montes van ser traducidos tamén ao francés e ao castelán.

Este número de "Céltiga" leva varias ilustracións do dibuxante ourensán Fernández Mazas.



No número prósimo publicará "Céltiga" un interesantísimo traballo titulado "A santa compañía", escrito ex-profeso pol-o sabio galego Dr. Roberto Nóvoa Santos.

Este número ilustrarao o notabre pintor ferrolán Felipe Bello Piñeiro.

* * *

¡ Oh, roda da miña vida
que vas ao longo do Tempo!...
¡ Non rodes tanto! ¡ non corras!,
¡ non coras, que teño medo!
¡ Que a cada volta que das
un novo pantasma vexo!,
¡ e síntome menos forte
cada vez, para vencelos!...

¡ Non rodes tanto!, ¡ non corras!,
¡ non corras, que teño medo!:
¡ oh, roda da miña vida
que vas ao longo do Tempo!

XAN VIDAL MARTINEZ.

A morte qu'eu quero

D'os celtas altivos
quixera eu a morte,
loitando co-as feras,
loitando c'os homes,
e ó pé d'un carballo,
no cume d'un monte,
pedirlle á unha mámoa
qu'acolla y-acougue
por sigros e sigros
o meu corpo inmobre.

AVELINO RODRIGUEZ ELIAS

Use vosté papel de fumar

NOROESTE

Fume vosté con papel

NOROESTE

Fábrica de Xergóns
e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

EFFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

"Patente-Salvavidas"

O mellor para pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honor, Gran premio e medalla de ouro nas Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell

VIGO-CRUÑA

ZINCKE HERMANOS
LIBRERÍA — PAPELERIA

IMPRENTA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUNA —

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos establecimentos da sua eras que mais honran a Galicia. Montada con arreglo aos derradeiros adiantos.

Paulino Freire

BOUZAS - VIGO

Sucursales: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para barcos pesqueiros
Malletas de abacá e cáñamo alquitranado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUNA —

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxeiros
Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Fillos de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUNA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIÓNS

Inmenso surtido en Panos da Rexión e Estranxeiro. Confeciónanse toda crás prendas para mulleres, homes e nenos.

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256

A CRUNA

